

A NARRATIVA ANALÍTICA INSTITUCIONAL. CONXUGANDO TEORÍA E EVIDENCIA PARA O CASO DA POLÍTICA ECONÓMICA ESPAÑOLA¹

GONZALO CABALLERO MIGUEZ
Universidade de Vigo

Recibido: 19 de abril de 2006

Aceptado: 23 de marzo de 2007

Resumo: A economía das institucións experimentou un notable desenvolvemento nos últimos anos nas ciencias sociais. O programa da nova economía institucional permitiu formular unha axenda de investigación para o caso da política económica española que incorpora cuestións como o cambio institucional, as institucións da descentralización e a gobernanza do Estado sobre novas bases teóricas. Este artigo presenta os fundamentos da narrativa analítica institucional como unha proposta metodolóxica que foi adecuada para abordar o desenvolvemento desa axenda de investigación para o caso español, e expón algunhas das súas principais características sinalando cuestións de método e temas substantivos.

Palabras clave: Economía das institucións / Narrativa analítica institucional / Métodos de análise / Política económica española.

INSTITUTIONAL ANALYTICAL NARRATIVE. COMBINING THEORY AND EVIDENCE FOR THE CASE OF THE SPANISH ECONOMIC POLICY

Abstract: Economics of institutions has been developed in social sciences in recent years. The program of the new institutional economics has allowed the making of a research agenda for the case of the Spanish economic policy that incorporates issues such as the institutional change, the institutions of decentralization and the governance of the State on new theoretical basis. This paper presents the foundations of the institutional analytical narrative as a methodological proposal that was adapted for the development of the research agenda of the Spanish case, and it exposes some of the main characteristics, pointing out methodological elements and substantive themes.

Keywords: Economics of institutions / Institutional analytical narratives / Methods of analysis / Spanish economic policy.

1. INTRODUCCIÓN

Desde os tempos de Adam Smith, os economistas entenden que as bases para unha economía produtiva deben ser buscadas na especialización do traballo. Pero a especialización esixe que se produza intercambio que, indefectiblemente, leva aparellados uns custos. Estes custos de intercambio dependen das institucións da economía (Coase, 1960, 1999b; North, 1990a), polo que a incorporación dos elementos institucionais na axenda de investigación dos economistas se converte nunha cuestión de referencia para o desenvolvemento, o realismo e a utilidade da ciencia económica. Neste sentido, existe actualmente un amplo consenso entre os estudosos do crecemento económico sobre o papel central que lles corresponde ás institucións á hora de explicar empiricamente

¹ Este artigo foi desenvolvido durante unha das miñas estadias no Center for New Institutional Social Sciences e no Departamento de Economía da Washington University en Saint Louis, invitado polos profesores Lee Benham e Douglass North. A realización deste proxecto de investigación contou co respaldo financeiro da Secretaría de Investigación da Xunta de Galicia.

por que hai países que crecen máis² (Acemoglu *et al.*, 2001; Rodrik, 2003, 2004; Rodrik *et al.*, 2004).

Xunto ás nocións de custos de transacción e institucións que perfilan un discurso teórico central na nova economía institucional (NEI) (Caballero, 2001, 2002c), as referencias ao comportamento humano (Caballero, 2005c; Caballero e Kingston, 2005b), á historia e ao paso do tempo (Caballero, 2004b; Dopico, 1999) e aos aspectos políticos (Arias e Caballero, 2003; North 1990b) constitúen os fundamentos básicos para un programa de investigación que incorpore adecuadamente os factores institucionais e de economía política. Este enfoque de carácter multidisciplinar no seo das ciencias sociais permite abordar a tarefa asumida por North (1993) para a ciencia económica: “*mellorar as sociedades, e a forma de facelo era comprender o camiño que seguían aquelas que o conseguían e o que seguían as que fracasaban... e unha vez que tivésemos unha comprensión sobre que determinaba o comportamento das economías ao longo do tempo, poderíamos mellorar ese funcionamento*”.

O estudo das ciencias sociais aparece así como un medio para conseguir sociedades e economías nas que os cidadáns poidan mellorar a súa calidade de vida: primeiro cómpre coñecer o funcionamento das sociedades para que, posteriormente, o *policy-making* poida aplicar medidas que intenten cambialas acertadamente.

Deste modo, a investigación en economía positiva resulta fundamental tanto para a formación de coñecemento científico nas ciencias sociais como para a posterior aplicación dese coñecemento e o debate do *policy-making*. A ciencia económica experimentou un forte e indubidable desenvolvemento nesta liña ao longo do século pasado. Porén, esta constatación non é óbice para que certos problemas subsistiran. Os fundamentos estáticos da economía neoclásica –perceptibles con facilidade se se comparan cos da bioloxía (Coase, 1999a, 1999b)–, a falta de diálogo con outras ciencias sociais ou a incapacidade para explicar o problema do subdesenvolvemento económico constitúen bos exemplos sobre as limitacións da corrente principal da análise económica. Nesta dirección, no discurso de apertura da conferencia anual da International Society for New Institutional Economics, Ronald Coase (1999b) sinalaba que “*a ciencia económica, ao longo dos anos, fíxose cada vez máis abstracta e máis divorciada dos feitos do mundo real. Os economistas, en xeral, non estudan o funcionamento do sistema económico actual. Teorizan sobre el*”. A falta de realismo na análise económica dificultou o desenvolvemento da economía positiva e constituíu unha seria limitación.

O retorno das institucións ao primeiro plano da axenda de investigación en economía e do debate do *policy-making* debe entenderse sobre tres premisas centrais.

² O interese polos aspectos institucionais vén dado tamén porque só cun adecuado estudo das institucións se poden comprender adecuadamente algúns dos procesos máis importantes da economía mundial das últimas décadas. O proceso de transición das antigas economías socialistas da Europa do leste cara á economía de mercado (que supoñen unha reorganización institucional que pode bater con certas normas e patróns de conduta asentados), o fracaso da aplicación a países en desenvolvemento –coma os latinoamericanos– de certas políticas económicas de éxito propias das economías desenvolvidas –o Silicon Valley–, a integración de mercados e a unificación monetaria en Europa ilustran a necesidade de incorporar as institucións.

En primeiro lugar, a economía neoclásica ortodoxa pre-coaseana resulta insuficiente porque non consegue responder certas preguntas e porque necesita un maior achegamento aos problemas reais. En segundo lugar, as institucións deben ser incorporadas á axenda de investigación da ciencia económica porque, ademais de ser claves no funcionamento de toda economía e de permitir entender moitas cuestións sobre os sistemas económicos, favorecen o realismo da análise económica. En terceiro lugar, a pesar de que a economía neoclásica non inclúe na súa ortodoxia teórica o papel das institucións, unha serie de enfoques institucionalistas si destacaron a súa importancia, e estes enfoques chegaron ata a actualidade, algúns deles recollendo o legado do institucionalismo americano de finais do século XIX e principios do XX. Xunto a eles, a nova economía institucional emerxe nas últimas décadas do século XX sobre bases teóricas distintas.

O estudo das institucións na ciencia económica viuse enriquecido por contribucións de moi distinto signo, moitas das cales non puideron ser obviadas no discurso teórico dominante nin tampouco ser consideradas coma un illote na ciencia económica. Entre os premios Nobel de Economía con contribucións enriquecedoras para a economía das institucións, deberíamos sinalar a Kenneth Arrow, a Friedrich Hayek, a Gunnar Myrdal, a Herbert Simon, a James Buchanan, a Ronald Coase, a Douglass North, a Vernon Smith, a George Akerlof e a Joseph Stiglitz. Sen dúbida, Coase e North ocupan un lugar principal no novo enfoque económico institucional.

Neste punto debe recoñecerse que a nova economía institucional aínda está nun estado de desenvolvemento incipiente e, tal e como sinala Williamson (2000), “*a confesión é que aínda somos moi ignorantes sobre as institucións... e mentres esperamos por unha teoría unificada deberíamos aceptar o pluralismo*”. Deste modo, o esforzo de investigación sobre institucións económicas desenvólvese a través de accións de guerrilla desde distintas subdisciplinas da ciencia económica (Coase, 1999b), e asume un alto grao de tolerancia. Aínda son moitos os debates teóricos e metodolóxicos abertos no seo da economía das institucións, o cal non nega a evidente relevancia dos seus avances³.

Cómpre sinalar que no seo deste programa de investigación conviven aproximacións metodolóxicas de diverso selo, constatando o debate vivo que se produce na xeración de calquera campo científico, especialmente nun propio das ciencias sociais que nace cun “carácter híbrido” e que intenta abordar retos de indubidable complexidade, endoxeneizando variables tan comodamente declaradas esóxenas por outros programas de investigación (Caballero e Kingston, 2005a). Neste sentido, dentro da investigación levada a cabo polos institucionalistas, hai espazo para adoptar distintos enfoques metodolóxicos en función do caso seleccionado para o estudo e das prioridades da investigación⁴.

³ O obxectivo da nova economía institucional é transformar a ciencia económica actual xa que, como propón Coase (1999b), “*a nosa misión é substituír a análise actual por algo mellor, a nova economía institucional*”.

⁴ Véxase Álvarez-Díaz e Caballero (2006) para un exemplo de análise institucional que non aplica a narrativa analítica institucional. Alston (1996) repasa parte da análise empírica institucional.

Este artigo fundamenta a proposta da narrativa analítica institucional como unha opción metodolóxica desde o marco teórico da nova economía institucional, e presenta para a dita proposta unha axenda de investigación en materia de cambio institucional e política económica española. Deste modo, arguméntase e xustifícase como a nova economía institucional atopa nesta proposta analítica unha canle metodolóxica válida e de alta utilidade para responder preguntas de alto interese nas ciencias sociais, tamén para o caso español. Neste sentido, en tempos recentes empezan a aparecer contribucións que a través da narrativa analítica institucional abordan distintas cuestións sobre o cambio institucional da economía española e os determinantes institucionais das políticas públicas do país. Neste traballo faremos referencia a algunhas delas a título indicativo, pero manteremos o obxectivo do texto nas cuestións teóricas e de método, remitindo ás referencias bibliográficas para cuestións de análise aplicada.

Este artigo estrutúrase en tres seccións. En primeiro lugar, caracterízase e distínguese o marco teórico da nova economía institucional no seo das distintas tradicións de análise institucional. Sinalemos que unha das principais claves da NEI é que se constrúe a partir das bases teóricas da corrente principal da ciencia económica, aínda que a acabe modificando, a diferenza doutros paradigmas alternativos que emerxen desde puntos de partida ben distintos.

En segundo lugar, logo de ter presentado os fundamentos teóricos institucionais-transaccionais, fórmulase unha proposta coherente como método de análise. Por iso, o apartado terceiro introduce a narrativa analítica institucional como unha vía adecuada para a investigación en economía política ao permitir conxugar o uso sistemático da teoría da NEI cunha evidencia empírica rica en detalles. Deste modo, expóñense cuestións de método que resulta importante especificar para futuros esforzos analíticos dentro do programa de investigación da economía das institucións.

En terceiro lugar, ao asumir os postulados teóricos económico-institucionais e a perspectiva metodolóxica da narrativa analítica institucional, configúrase unha concepción do esforzo investigador que atende cunha maior sensibilidade determinados aspectos temáticos, afectando ás cuestións de contido. Así, o apartado catro introduce “temas substantivos”, esenciais dado o enfoque teórico e de método asumido, que se converten en variables explicativas relevantes e que foron mostrados recentemente por distintas contribucións. Deste modo, evidénciase a estreita vinculación entre teoría, método e análise aplicada.

A narrativa analítica institucional atopa precedentes de “indución analítica” en obras como a de Evans *et al.* (1985). Porén, unha clave importante da narrativa analítica é que esta se exercita con sólidas bases teóricas –no caso da nosa proposta de narrativa analítica institucional, sobre os fundamentos da NEI–. En particular, o marco teórico da NEI analiza “grandes trazos” da realidade económica, pero á vez busca fundamentar as cuestións macro nos niveis micro estudando, por exemplo, como afecta o marco institucional aos incentivos dos axentes e ás actividades polí-

ticas e económicas. Deste modo, a narrativa analítica debe desenvolverse en todo momento moi vinculada á evidencia histórica, ás análises de caso e á información empírica. O binomio rigor-realismo atopa nesta narrativa analítica institucional unha posible resposta que combina cuestións de método e substancia, pois incorpora un marco teórico con cuestións aplicadas⁵.

Certamente, as cuestións de método edifícanse recollendo a proposta dos profesores Robert Bates, Avner Greif, Margaret Levi, Jean-Laurent Rosenthal e Barry Weingast (1998) sobre narrativas analíticas. Esta proposta non constitúe un exercicio cerrado sobre o que só caiba a aceptación total ou o rexeitamento frontal. Porén, si constitúe un paso importante que mostra como é posible levar a cabo o estudo de certos casos desde determinados supostos teóricos e metodolóxicos permitindo, ademais, aclarar cuestións relevantes. En todo caso, na consolidación das narrativas analíticas o traballo empírico constitúe de novo un reto de primeira orde, pois será a través desta vía como se mostre a capacidade das narrativas analíticas institucionais de realizar contribucións de interese ao mundo do coñecemento científico nas ciencias sociais. E isto sen cuestionar a relevancia doutros métodos de análise que mostraron unha alta produtividade. En todo caso, a complementariedade das análises realizadas con distintos métodos pode enriquecer amplamente o saber económico, político e social.

2. PROPOSTAS TEÓRICAS DE ECONOMÍA POLÍTICA: A NOVA ECONOMÍA INSTITUCIONAL NAS TRADIÇÕES INSTITUCIONALISTAS

No nacemento da ciencia económica, a aparición no ano 1776 de *The Wealth of Nations* constituíu un impulso de primeira orde. Adam Smith –o “pai da economía”– recollía no título da que é a súa principal contribución o que consideraba o obxectivo central da investigación económica: a natureza e a causa da riqueza das nacións. Pola súa parte, dous séculos antes, Nicolás Maquiavelo –un dos pais da ciencia política– estudaba n’*O príncipe* as causas do éxito do poder político dos distintos Estados.

Así, o estudo e a análise do éxito e do fracaso na política e na economía convertéronse no núcleo da propia existencia das ciencias económica e política desde os seus inicios. A relevancia destas cuestións permaneceu vixente desde os tempos de Maquiavelo e de Smith, e a adecuada organización política dun país continua sendo, xunto coa prosperidade económica, un elemento clave para estudar nas ciencias sociais.

⁵ O conflito entre formalismo e lóxica verbal tivo un dos seus máximos expoñentes na polémica do *Methodenstreit der Nationalökonomie* –batalla dos métodos en economía– de finais do século XIX entre os partidarios da escola austríaca de economía, liderados por Carl Menger, e os membros da escola histórica alemá, encabezados por Gustav von Schmoller. Mentres que os primeiros buscaban aplicar a lóxica a partir de principios básicos para conseguir teorías universais, os historicistas baseaban a súa metodoloxía nas fontes históricas e estatísticas como unha vía de aproximación a dinámicas institucionais específicas.

As relacións bidireccionais existentes entre os factores políticos e os económicos son moi amplas, e a elas dedicouse un considerable esforzo de investigación. Porén, a corrente principal en economía edificouse sobre as bases teóricas da economía neoclásica de Jevons, Menger e Walras que eliminaba o político e o institucional da axenda de investigación en economía, a pesar de que a ciencia económica nacera con Smith como economía política. Así, a ciencia económica e a ciencia política iniciaron sendas diverxentes, con escasas canles de comunicación, con teorías e metodoloxías distintas, e delimitando con nitidez os seus respectivos obxectos de estudo. Os economistas emulaban o rigor da física e decidían retirar da súa axenda aqueles elementos que pola súa complexidade eran difíciles de ser obxecto de tratamento formalmente rigoroso.

Parecería natural que o estudo do éxito ou do fracaso dos países fose unha cuestión omnipresente na ciencia económica. Porén, isto non foi así e, como xa sinalaba Joan Robinson (1947), “*os economistas ortodoxos estiveron moi preocupados con elegantes elaboracións de problemas menores*”. Se isto era xa certo na Segunda Guerra Mundial, seguiu sendo evidente na corrente principal en economía ata finais do século XX. Neste sentido e desde outra perspectiva, concretamente desde un enfoque *hayekiano*, Boettke (1997) sinala que na ciencia económica acabaron predominando as cuestións formais e os modelos de equilibrio que non se parecen moito á realidade.

Ao longo da historia da análise económica moitos foron os autores que estudaron o papel das institucións na economía. Adam Smith e John Stuart Mill, a escola histórica alemá ou Karl Marx, entre outros moitos, consideraron aspectos institucionais nos seus traballos (Hodgson, 1988). Porén, eses esforzos non callaron na corrente principal da análise económica.

A finais do século XIX e principios do XX, desenvolveuse en Estados Unidos un institucionalismo económico impulsado por Thorstein Veblen e por John Commons, entre outros. Este paradigma non circunscribiu o comportamento humano ao *homo economicus* e defendeu o enfoque holista ou sistémico para a ciencia económica. Deste modo, concibiuse a economía como un sistema aberto e dinámico no que a énfase non está no equilibrio senón no proceso, no que os hábitos, as institucións e as relacións de poder son determinantes da evolución económica. Este institucionalismo, ao que se denominou “vello institucionalismo” para distinguilo doutras propostas institucionalistas máis recentes, asumiu unha perspectiva condutista, colectivista e afastada do formalismo, rexeitando o criterio do benestar individual⁶.

Logo da Segunda Guerra Mundial, autores como John Kenneth Galbraith, Gunnar Myrdal ou Allan Gruchy foron os responsables de manter vivos os trazos metodolóxicos da escola⁷. Resulta ilustrativo do enfoque destes traballos a perspectiva

⁶ Este primeiro institucionalismo conseguiu unha forte implantación na academia norteamericana ata a Segunda Guerra Mundial, sendo posteriormente relegado dese protagonismo. Porén, e “*a pesar de que desde a década dos anos corenta ata a dos anos setenta as institucións case se converteron en asunto prohibido na corrente principal en economía*” (Rutherford, 2001, p. 186), non se produciu unha desaparición do institucionalismo senón que diversas variantes deste seguiron aflorando ata a actualidade.

⁷ Esta nova rolda de institucionalismo –que xa non é tipicamente norteamericano– centrouse no estudo de sociedades industrializadas e manifestou un alto interese na economía do desenvolvemento (Requeijo, 1984).

de Gunnar Myrdal, quen consideraba que a economía neoclásica resultaba insuficiente para abordar importantes problemas que ían máis alá do estudo do equilibrio, como a desigualdade ou o desenvolvemento. Nesta proposta institucionalista, Myrdal reivindicou o enfoque holista, os modelos abertos con trazos sociais, a importancia do político na análise do económico e a causación circular⁸.

Os institucionalismos económicos tradicionais chegaron deste modo ata os nosos días, estando presente no tránsito ao século XXI unha abundante literatura que recolle tradicións distintas (Burlamaqui *et al.*, 2000). Unha delas pon a énfase na relevancia das relacións de poder na orixe e na evolución das institucións. É o caso das obras clásicas de Polanyi (1980), dunha liña de traballo plasmada en recompilacións como a de Smelster e Swedberg (1994) ou a de Hollingsworth e Boyer (1997).

Por outra parte, produciuse un desenvolvemento da economía evolutiva que recolle o legado fundacional de Schumpeter, defendendo a introdución da perspectiva da bioloxía evolutiva na ciencia económica (Hodgson, 1992, 1993). Este paradigma intenta actualmente estreitar os seus lazos coa economía institucional (Hodgson, 1999)⁹.

Este panorama non pode esquecerse doutras escolas que destacaron a relevancia de factores institucionais¹⁰, como no caso da escola austríaca fundada por Carl Menger (Bloch, 1940) e con referentes como Ludwig von Mises e Friedrich Hayek, que sinala que a tradición é unha institución importante que modela o comportamento humano e que formula unha teoría explicativa da orixe das institucións non baseada no “*rational constructivism*”¹¹ (O’Driscoll e Rizzo, 1985; Hayek, 1994). A tradición austríaca mostra xa na obra do seu fundador as súas primeiras características propias porque, a diferenza de Walras e de Marshall, que mostraron

⁸ A causación circular *myrdaliana* é acumulativa, negando unha posible tendencia de autoestabilización cara ao equilibrio social. Desta forma, sostén que cambios orixinais se reforzan con cambios posteriores na mesma dirección, sen cambios amortecedores. Esta perspectiva enlaza coa dependencia da senda *northiana* á que faremos referencia.

⁹ Para comprender a confluencia actual entre institucionalismo tradicional e economía evolucionista debe terse presente que o propio Veblen adoptou a metáfora *darwiniana* e evolucionista para o seu traballo en economía, adoptando un enfoque “post-darwiniano” (Hodgson, 1992). Con todo, na época en que Veblen vivía a teoría evolucionista en bioloxía aínda non estaba suficientemente desenvolvida. Para Veblen os obxectos de evolución e selección económica eran as institucións e as rutinas, e os seus compoñentes xenéticos fundamentais eran os hábitos e os instintos. Deste modo, Veblen estableceu unhas bases para a economía darwiniana de bastante éxito e, segundo Hodgson (1992), utilizou o pensamento evolucionista da bioloxía de forma moito máis extensiva ca Schumpeter. A obra de Hodgson (1993, 1995, 1999) constitúe un bo exemplo de todo un programa de investigación centrado nas relacións entre economía, bioloxía, evolución e institucións.

¹⁰ A lista de enfoques económicos alternativos á economía convencional inclúe, entre outros, a socioeconomía, a economía humanista e a *PSA-Economics*. A socioeconomía, impulsada por Amitai Etzioni (1988), defende unha comprensión pluricontextual (social, psicolóxica, histórica, filosófica e ética) do comportamento económico dentro das comunidades, asumindo que a economía está inmersa na realidade social e cultural e que non é un sistema cerrado e autocontido. Unha aproximación ao enfoque da economía humanista, que rompe co modelo do “home económico” e que intenta “humanizar” a economía, pode atoparse en Lutz e Lux (1979). Ambas as dúas tradicións teñen puntos de contacto co que, en sentido amplo, pode denominarse tradición económica de fundamentos psicolóxicos, sociais e antropolóxicos (“*Psycho-, Socio-, and Anthropo- Economics*”, ou *PSA-Economics*).

¹¹ Véxase Huerta de Soto (1997) para unha presentación xeral do desenvolvemento desta escola.

un interese teórico pola determinación dos prezos nun hipotético réxime de competencia perfectamente libre, Menger non intentou explicar os prezos nin supuxo que a competencia puidera ser perfecta (Ekelund e Hébert, 1991). Desde aquela, a escola austríaca achegou diversas contribucións e avances que xeraron un enfoque moderno, permitindo soste a Huerta de Soto (1997) que o paradigma neoclásico constitúe un caso particular e relativamente irrelevante que pode englobarse dentro do enfoque máis rico, real e explicativo dos austríacos. Pola súa parte, Ludwig von Mises (1978) conclúe que “*o que distingue á escola austríaca e o que haberá de proporcionarlle fama inmortal é precisamente o feito de ter desenvolvido unha teoría da acción económica e da non acción ou equilibrio económico*”.

No último cuarto do século XX, e a partir da adaptación das bases teóricas neoclásicas, xurdiu a nova economía institucional (NEI) que, partindo do individualismo metodolóxico e atendendo ao concepto de eficiencia, centra a súa atención no papel das institucións a partir da noción de custos de transacción. Deste modo, a NEI non se constrúe sobre as bases das antigas tradicións institucionalistas, aínda que algúns autores cren que, á vista dalgúns desenvolvementos recentes, unha aproximación podería chegar a ser posible (Groenewegen *et al.*, 1995; Hodgson, 1988). O certo é que a NEI considerou que moitos dos esforzos daquelas tradicións institucionalistas foron bastante infrutuosos e por iso, en vez de desenvolver o seu corpo teórico a partir da noción de institución, procedeu na dirección oposta, incorporando as institucións ao discurso da corrente principal da ciencia económica (a través do teorema de Coase¹²). Así e todo, o desenvolvemento desta incorporación acabou afectando á propia concepción da economía neoclásica.

A nova economía institucional considera que os “vellos institucionalistas” describían as institucións pero non as analizaban con rigor e detalle (Coase, 1999a). Kenneth Arrow (1987) aclarou por que a NEI xurdiu tan distante do institucionalismo americano tradicional: “*Por que a vella escola institucionalista fallou tan miseravelmente a pesar de contar con analistas como Veblen, Commons e Mitchell? ...unha das respostas está nas importantes análises específicas da nova economía institucional. Pero esta non consiste en dar novas respostas ás cuestións tradicionais da ciencia económica como a asignación de recursos e o grao de utilización. Máis ben consiste en responder novas preguntas...*”¹³.

No seu esforzo de análise económica, a NEI modifica as bases teóricas neoclásicas ao engadir a dimensión do tempo e cambiar os supostos sobre a racionalidade e o comportamento humano, aínda que conserva os supostos básicos da escaseza e da competencia (North, 1994). Recentemente, North (2005) realiza unha proposta de

¹² As partes están interesadas en levar a cabo aquelas transaccións nas que os custos de transacción non superan as ganancias de eficiencia que a transacción xera. En cada sociedade hai unhas “regras de xogo” que determinan o custo de realizar as transaccións. Esas regras que facilitarán ou que dificultarán as transaccións non serían relevantes se supuxésemos custos de transacción nulos, pero si o son nunha realidade económica onde negociar é custoso. Esas regras de xogo, entendidas como as limitacións ideadas ou asimiladas polo home para darlle forma á interacción humana, son as institucións.

¹³ Fronte a esta valoración, Hodgson (1998) sostén a utilidade do institucionalismo tradicional.

extensión da nova economía institucional na que destaca a importancia dos factores culturais e cognitivos (Caballero e Kingston, 2005b).

O programa da NEI incorpora na súa proposta certas bases teóricas como as seguintes:

- 1) A análise económica aborda o estudo das transaccións nun mundo no que intercambiar é custoso.
- 2) As institucións formais, informais e os mecanismos de execución determinan o nivel dos custos de transacción.
- 3) De acordo co teorema de Coase, estes custos establecen as transaccións que son viables nunha economía.
- 4) As institucións teñen un carácter específico no tempo e no espazo que imposibilita a universalidade da análise positiva e normativa característica da economía neoclásica ortodoxa pre-coaseana.
- 5) As institucións afectan ao desenvolvemento económico e determinan os incentivos dos individuos para a formación de tecnoloxía e a acumulación de traballo e capital.
- 6) A análise institucional esixe unha formulación multidisciplinar que asuma modelos de comportamento humano máis amplos ca os habituais en economía e que incorpore elementos históricos, políticos, culturais, cognitivos e sociais.
- 7) Os individuos forman organizacións a través de estruturas de gobernanza nunha “segunda orde de actividade economizadora” que está restrinxida polo marco institucional existente (Williamson, 1974, 1985, 1994, 1999, 2000).
- 8) Os individuos posúen racionalidade limitada e a explicación do comportamento humano en economía debe incorporar o papel dos modelos mentais subxectivos, dos procesos cognitivos e da aprendizaxe.
- 9) Os patróns específicos de temporalidade e secuencia dos procesos históricos son importantes.
- 10) Nos procesos de cambio institucional prodúcese unha dependencia da senda que mostra rendementos crecentes nun mundo “non ergódico”, o que implica dificultade na predición malia o peso das inercias institucionais.
- 11) A evolución institucional pode soste situacóns de ineficiencia, tamén en termos de eficiencia adaptativa.
- 12) Os códigos e normas de conduta, o sistema de dereitos de propiedade e o sistema político constitúen parte da matriz institucional dunha sociedade.
- 13) Os custos de transacción son elevados nos mercados políticos, aínda máis ca nos mercados económicos (North, 1990b).
- 14) As institucións políticas resultan claves na configuración dunha solución institucional que abarate as transaccións.
- 15) Un elemento relevante para a eficiencia do marco institucional é a capacidade de garantir a credibilidade dos compromisos (North, 1993a).

Sobre estas bases teóricas, a análise da NEI non implica nin unha concepción determinista da evolución institucional nin un enfoque constitucionalista. En primeiro lugar, este enfoque institucional incorpora a importancia dos actos na configuración da senda histórica no sentido das propostas de North (1990a) e de Dixit (1996). Deste modo, asumimos a “non ergodicidade” do cambio institucional, o que nos permite conxugar unha senda con rendementos crecentes coa importancia de episodios concretos (North, 2005). Negamos así o determinismo histórico, pero aceptamos a forza de certas inercias institucionais (David, 1985, 1994). En segundo lugar, este enfoque sinala a importancia dos procesos históricos de cambio institucional, que conxugan actos e regras, de modo que negamos unha postura constitucionalista que tende a explicalo todo baseándose nunha constitución (Dixit, 1996; Caballero e Arias, 2003).

3. NARRATIVAS ANALÍTICAS. UNHA CUESTIÓN DE MÉTODO

A proposta que este artigo presenta de narrativa analítica institucional para a investigación en economía política asume as leccións teóricas da nova economía institucional e adopta como método a narrativa analítica. Así, combínanse bases teóricas e formas de razoamento propias dunha análise económica institucionalmente enriquecida, que permiten un alto rigor analítico que evidencia as liñas de razoamento, coa forma e método narrativo, o cal permite ganar en riqueza ao incorporar historias, actos e contextos non revelados por series de datos. Desta forma, dáse unha resposta ao interese da nova economía institucional na observación e no traballo de campo, na obtención de información específica e precisa dos múltiples aspectos do obxecto en estudo (Toboso e Compés, 2003).

A elección dunha fórmula narrativa vén dada porque as capacidades de definir con precisión as variables institucionais, de cuantificalas e de integralas nun modelo explicativo, están realmente pouco desenvolvidas, e a tarefa resulta inalcanzable á luz do estado actual dos coñecementos da ciencia económica. Para incorporar unha información rica, cualitativa e descritiva que inclúe elementos relevantes de corte institucional, a narrativa analítica aparece como un método acertado, que permite responder a moitas cuestións de “trazo grosso” facéndoo, ademais, coherentemente co “trazo fino” que, ao fundamentarse nun nivel micro, permite configurar un sistema explícito e rigoroso para manexar os eventos.

De acordo coa proposta de Bates *et al.* (1998), a narrativa analítica diferénciase doutras que constitúen metanarrativas ou que adoptan un carácter estrutural na énfase en fundamentar no nivel micro a análise, o que é razoable ao asumir un enfoque institucional que intenta respectar o individualismo metodolóxico:

–As metanarrativas explican a aparición de ideas ou de forzas políticas mentres que a narrativa analítica institucional explora mecanismos particulares que mode-

lan a interacción entre actores estratéxicos e que, xa que logo, producen resultados.

- Mentres que a narrativa analítica institucional se centra en eleccións e decisións cun carácter máis micro que macro, outras narrativas de carácter estrutural céntranse en impactos estruturais das institucións.

A narrativa analítica resulta especialmente útil para estudar por que certos mecanismos converten as forzas históricas en resultados políticos específicos. Deste modo, estas narrativas complementan os enfoques macroestruturais.

A forma narrativa foi moi empregada nas ciencias sociais, pero a economía neoclásica deu cabida a un forte uso de métodos formais co desenvolvemento de técnicas matemáticas, estatísticas e econométricas. Sen dúbida, os avances producidos por estas tendencias permitiron resultados moi proveitosos para a economía, sendo esas formas exportadas cara a outras ciencias sociais como a política ou a áreas como a historia económica (cliometría). Con todo, tanto na historia económica como na ciencia política o enfoque narrativo mantivo unha ampla implantación. Fronte a outras perspectivas, cómpre sinalar que o enfoque narrativo non supón nin falta de coherencia nin de rigor, e que a clave do seu acerto radica nunha adecuada aplicación que use correctamente o razoamento e a lóxica, sempre apoiada pola verificación empírica. A praxe deste enfoque en economía pode responder a preguntas que outros métodos non conseguen formular.

A pretensión dunha narrativa analítica non consiste en buscar teorías universais senón en investigar sobre casos seleccionados (a análise comparativa), aceptando certa especificidade dos fenómenos sociais. Deste modo, a análise circunscríbese a determinados períodos e contextos, trazando o comportamento de actores particulares, clarificando secuencias, describindo estruturas e explorando patróns de interacción. A formación de leis universais de comportamento humano escapa así dos obxectivos inmediatos dunha narrativa analítica institucional. Deste modo, este método de análise resulta adecuado para realizar investigación en economía cun elevado contido empírico, o que constitúe unha preocupación da nova economía institucional.

Unha narrativa analítica esixe realizar unha inmersión no caso para analizar que identifique os actores, os puntos de decisión, as eleccións que fan, as sendas e como se xeran resultados. A narrativa posúe un “*background*”, un comezo, unha secuencia de escenas e un final.

Na proposta de Bates *et al.* (1998), o uso da teoría da elección racional convértese nun elemento clave da narrativa analítica. Esta teoría céntrase nos actores e nas súas decisións, e permite instrumentarse a través da teoría de xogos, que permite análises extensivas. É máis, estes autores chegan a afirmar que o uso da elección racional e da teoría de xogos transforma a narrativa en narrativa analítica¹⁴. Porén,

¹⁴ Os xogos permiten explicar certos resultados particulares e capturan a influencia da historia, a importancia da incerteza e a capacidade da xente de manipular e de facer estratexia.

os fundamentos institucionais de North (2005) e de Greif (2006) desbordan a proposta de elección racional.

Neste punto resulta relevante presentar o carácter específico dentro da NEI do programa da *análise institucional histórica e comparativa* (AIHC), que desenvolve unha serie de bases teóricas e metodolóxicas propias. Este programa xorde do proceso de estreita coevolución de dúas liñas de investigación nucleadas na Stanford University: a análise histórica institucional, que protagoniza Avner Greif, e a análise comparativa institucional, que encabeza Masahiko Aoki. Deste modo, foise configurando progresivamente un emerxente programa de investigación en torno a un marco teórico-conceptual básico e a unha metodoloxía empírica propia cos que abordar o estudo da orixe, natureza e implicacións das institucións. A AIHC é histórica, comparativa e analítica: histórica porque intenta explicar o papel da historia na emerxencia, perpetuación e cambio institucional; comparativa porque intenta extraer leccións a través de estudos comparativos a través do tempo e do espazo; e analítica porque confía expresamente en modelos microespecíficos ao contexto á hora de realizar análises empíricas (Greif, 1998)¹⁵.

Polo que respecta ás bases conceptuais, desde a AIHC as institucións son entendidas como as restricións non tecnolóxicas da interacción humana, compostas de dous elementos fundamentais interrelacionados: as crenzas culturais e as organizacións (Greif, 1994). A énfase nestes dous compoñentes institucionais marca certas distancias entre o enfoque da AIHC e o máis xeral da NEI. Así, Aoki (1996) critica explicitamente a NEI por entender esta as institucións como regras de xogo e por concederlles unha importancia secundaria ás institucións de orde privada, como as formas organizacionais. Greif (2001) destaca tres funcións interrelacionadas das organizacións: xeran regras de comportamento, implican procesos de socialización e inflúen no conxunto de crenzas que afectan á realización de transaccións. En concreto, considéranse as institucións como *outcomes* que emerxen endoxenamente e que son de autocumprimento, no sentido de que non son impostas por un *enforcement* externo, recollendo así a noción formulada xa en traballos como os de Hurwicz (1993) ou Greif (1994). O complexo institucional é reflexo dun proceso histórico no que os trazos económicos, políticos, sociais e culturais do pasado se interrelacionan e impactan sobre as institucións e a economía do presente (Greif, 1998), resultando prioritario considerar a interdependencia entre institucións distintas como os dereitos de propiedade, as regras legais, os mercados, as organizacións, os contratos, as crenzas culturais e as normas sociais (Aoki, 1996, 2001). Deste modo, a AIHC intenta desvelar por que as sociedades evolucionan a través de traxectorias institucionais distintas e cales son as razóns e as posibilidades de cambio nestas traxectorias.

Polo que respecta ás bases metodolóxicas, a AIHC rexeita o enfoque dedutivo da economía neoclásica e aborda o estudo das institucións incorporando a noción

¹⁵ A AIHC concedeulle unha grande importancia a edificar modelos teóricos sobre a realidade económica, e para iso considera condición *sine qua non* unha consistente e minuciosa base empírica. A través desta énfase na modelización e no rigor empírico-histórico a AIHC intenta especializarse dentro da NEI.

de equilibrio coa acepción da teoría de xogos¹⁶. Pero debido a que incluso para os mesmos parámetros esóxenos o equilibrio do xogo pode ser múltiple (indeterminación do equilibrio), a AIHC esixe, ademais, tomar en consideración diversos elementos como a complementariedade institucional ou a dependencia da senda institucional, no sentido de Aoki (1994, 1996). Así se xustifica a relevancia de comparar situacións institucionais diversas e de proceder ao estudo de distintos contextos históricos de forma paralela¹⁷. Este enfoque leva aparelhada unha estratexia de investigación de análise indutiva¹⁸ e empírica das institucións particulares, que consiste en avaliar e sintetizar a evidencia histórica e comparativa de nivel micro a través de modelos teóricos e específicos ao contexto¹⁹ (Greif, 1998). Neste sentido, a AIHC non busca xerar hipóteses co obxectivo central da verificación estatística senón que, dando un paso máis, intenta construír unha modelización explícita que capture a esencia dos problemas (Greif, 1993, 1994). De feito, un trazo característico deste programa é a importancia que lle concede ao uso de ferramentas teóricas para formar modelos de análise.

Seguindo a Greif (1998), poden distinguirse dúas liñas de traballo na AIHC. Por un lado, aquela que considera o impacto da internalización de trazos e da aprendizaxe a través do proceso evolutivo sobre o conxunto de regras relevantes (utilizando a teoría de xogos evolucionista e os modelos de aprendizaxe). Por outro, aquela que considera o impacto das interaccións estratéxicas e dos trazos culturais endóxenos e esóxenos, crenzas, estruturas sociais e coñecemento sobre o conxunto de regras xerais (utilizando a teoría de xogos e estudando as orixes e implicacións das organizacións).

A análise histórica tamén evidencia a importancia das crenzas culturais á hora de determinar a traxectoria institucional dunha sociedade. En concreto, Greif (1994) resalta o papel das crenzas racionais, que levan aos individuos a formar unas determinadas expectativas respecto das accións que outros axentes levarán a cabo nas distintas continxencias (se cada xogador xoga a mellor resposta, o conxunto de crenzas culturais permisibles queda restrinxido a aquelas que son *self-enforcing*)²⁰.

¹⁶ As institucións son claves porque supoñen restricións sistémicas e sostibles sobre os tipos de eleccións estratéxicas admisibles dos xogadores, implicando eleccións próximas ás estratexias de equilibrio do xogo que se leva a cabo na economía (Aoki, 1996).

¹⁷ O punto de partida da análise debe situarse na identificación das institucións relevantes no episodio histórico particular en consideración (Greif, 1998).

¹⁸ Este carácter indutivo implica que os niveis de sabedoría, racionalidade e coñecemento deben avaliarse en cada situación e que no deben ser considerados como datos a través dun enfoque dedutivo coma o neoclásico.

¹⁹ Neste esforzo de modelización incorpóranse especialmente os desenvolvementos recentes na teoría de xogos, na teoría de contratos e na economía da información.

²⁰ Neste sentido, atópase unha alta correlación entre a organización da sociedade e os niveis de renda *per cápita* existentes, tal e como evidencian os estudos que sinalan o carácter individualista do occidente desenvolvido fronte ao colectivista dos países en desenvolvemento. Un exemplo de primeira orde constitúe o traballo de Greif (1994), que analiza os efectos da sociedade colectivista magrebí e da sociedade individualista xenovesa dos séculos XI e XII sobre as súas respectivas sendas institucionais e tendencias de desenvolvemento económico (mentres que o sistema magrebí facilitaba as relacións económicas de axencia internas dese colectivo, restrinxía a eficiencia das relacións levadas a cabo con outros colectivos; pola súa parte, o sistema xenovés non restrinxía as relacións de axencia da intereconomía pero encarecía as intraeconómicas).

Recentemente, a AIHC desenvolve certas nocións que permiten constituír un marco conceptual propicio para profundar no reto de endoxeneizar a variable de cambio institucional na análise económica e histórica (Greif, 2001). Este enfoque do cambio institucional endógeno supón un avance que desborda a perspectiva do cambio institucional como equilibrio evolucionista reaxustable ante *shocks* externos²¹.

A proposta que este artigo formula de narrativa analítica institucional asume o interese que a modelización a través de xogos pode ter en certas circunstancias, sen por iso considerar que resulten vitais en todas as situacións. Desde esta óptica hai circunstancias que converten a análise de elección racional, pola vía dos xogos, nun proceso que permite facer entender cales son os xogadores relevantes, as súas estratexias, os pagamentos esperados e os resultados. O esquema útil asume que hai xogos e modelos que simplifican a realidade e que poden converterse en pezas explicativas de interese, pero que gañan en perfección se van acompañados por unha análise institucional complementaria rica en detalles. Así, sobre a análise da transición política española, as análises de comportamento estratéxico de Colomer (1998) son compatibles con propostas de narrativa analítica institucional como as de Caballero (2004c).

Un bo exemplo sobre esta natureza da narrativa analítica é o estudo da relación entre institucións, incentivos aos actores e comportamentos. A través deste proceso analízase como se complementan e se interrelacionan os aspectos macro cos aspectos micro. A importancia do papel das institucións como estrutura de incentivos tamén se evidenciou para a política económica española. En Caballero (2003b), ao analizar o cambio institucional do franquismo, estúdase como se modifica a estrutura de incentivos dos actores políticos, primeiro durante o franquismo e aínda máis coa chegada da democracia, o que tamén afecta á formación das políticas fiscal e financeira modernas (Caballero, 2003a, 2004d). Cando Caballero (2006a, 2006b) analiza a estrutura organizativa do Estado español evidencia que a estrutura institucional determina os incentivos electorais dos decisores políticos, premiando a elaboración de certas políticas públicas e determinando as posibilidades de transacción nos órganos lexislativos. Así mesmo, o sistema de financiamento autonómico tamén constitúe unha regra que incentiva certas condutas nos políticos autonómicos (Caballero, 2005a).

²¹ Deste modo, defínese unha institución “*self-enforcing*” como aquela que prevalece no tempo por autocumprimento, sen ser imposta por mecanismos externos (trátase dunha situación próxima ao equilibrio, a un estado estacionario no que aos axentes lles interesa adherirse ao sistema de regras). Pero isto non implica que esta institución se perpetúe no longo prazo, pois pode implicar efectos sobre certos “case-parámetros” (como a distribución da riqueza, o coñecemento ou as organizacións) que acaben minando este sistema institucional básico inicial. Neste caso estaríamos ante unhas institucións “*self-destructing*” ou “*self-undermining*”, baixo as cales se reduce o rango de situacións nas que o comportamento subxacente na transacción é “*self-enforcing*”. É que para que o sistema institucional se perpetúe, as institucións deben ser “*self-reinforcing*”, mostrando un proceso de retroalimentación positivo que implique cambios nos case-parámetros que reafirmen o carácter “*self-enforcing*” nun número de situacións maior. Neste escenario introdúcese o peso das tendencias de inercia institucional e ábrese a axenda de investigación ao estudo da dirección e da taxa de velocidade do cambio institucional (Greif e Laitin, 2004).

O carácter institucional da narrativa analítica é especialmente relevante porque permite comprender como se concretan situacións nas que os modelos de xogos concluírían a existencia de equilibrios múltiples. Nestas situacións, certos cambios alteran o conxunto de equilibrio e só a análise da evolución institucional pode aclarar a situación.

En definitiva, desenvólvese unha narrativa analítica institucional que permite comprender procesos difíciles de analizar con outros métodos e que permite entender a toma de decisións individuais e colectivas. Decía John Maynard Keynes (1949) que “*o gran economista deber ser matemático, historiador, estadista e filósofo (en certo grao); debe comprender os símbolos e falar con palabras correntes*”. A narrativa analítica institucional é coherente coas palabras de Keynes. Porén, á vista das liñas de investigación da corrente principal en economía, unha boa parte dos economistas ortodoxos considerarían esas recomendacións pouco acertadas. O seguinte apartado mostra como pode ser relevante para o estudo da economía política española.

4. TEMAS SUBSTANTIVOS. VINCULACIÓN COA ANÁLISE APLICADA

Desde o enfoque desta proposta, que asume o compromiso da ciencia económica co ámbito social, a cuestión clave para a investigación en economía é que o tema de análise sexa relevante, intentando responder a unha pregunta de interese²². En función do tema seleccionado e da pregunta formulada, o método e o enfoque de análise máis adecuado pode diferir.

No caso da formación da política económica moderna na España do último cuarto do século XX, resulta necesario indagar sobre as relacións entre cambio institucional e desenvolvemento económico, e a narrativa analítica permite avanzar no saber sobre a economía política española actual. Así, pódense atender cuestións de distinta índole que fan referencia aos cambios do franquismo (Caballero, 2003b), á política fiscal (Caballero, 2002a, 2003a), ás reformas financeiras (Caballero, 2004d), ás institucións do sistema político democrático (Caballero, 2005b, 2006b), ao proceso de construción europea (Caballero *et al.*, 2006), á organización dos procesos parlamentarios (Caballero, 2006a) ou á estrutura de descentralización territorial do poder (Caballero, 2005a). En torno a todos estes elementos pódense formular preguntas relevantes que serven para aclarar cales son os determinantes institucionais da política económica española.

Esta preocupación polos problemas relevantes convértese nunha motivación para a investigación en economía positiva, que se afasta do denunciado “autismo da ciencia económica”. Desde esta perspectiva, o interese en explicar a realidade polí-

²² De feito, as narrativas analíticas de Bates, Greif, Levi, Rosenthal e Weingast nacen tamén como froito da atracción de cada un destes autores por algún tema relevante en economía política, como é o caso de Barry Weingast ante a guerra civil norteamericana ou de Jean-Laurent Rosenthal ante as transformacións do absolutismo.

tico-económica é moito maior cá atención que se lles presta aos formalismos e á elegancia de certos enfoques á hora de elaborar as teorías. A motivación ten a súa orixe nos problemas económicos máis ca na abstracción teórica.

A narrativa analítica institucional edifícase sobre un sólido marco teórico. O rigor histórico e a validación empírica dos argumentos poden ocupar un espazo de investigación, vinculado tanto coa economía das institucións como coa economía política e coa historia económica, para o estudo da política económica española. A proposta das narrativas analíticas formulada por Bates *et al.* (1998) presenta unha serie de estudos de caso que permiten poñer sobre a mesa algunha das temáticas relevantes que poden ser abordadas con este método de análise. As fontes da orde e do conflito político, as relacións entre a política internacional e a doméstica, a interacción entre economía e política, e o papel desenvolvido polas institucións son algúns dos principais temas substantivos que nesa proposta se presentan como claves.

A investigación sobre a economía política española viuse na necesidade de introducirse nun novo corpo teórico para atopar respostas que non atopaba no marco neoclásico. Entre outros aspectos, era necesario un programa de investigación económico que abordase o estudo da evolución da economía no tempo e que integrase os papeis que nesa evolución desenvolven distintos elementos como as institucións, as ideas, a historia e a política económica.

A nova economía institucional serviu como un marco teórico que resulta cientificamente sólido e intelectualmente satisfactorio para o programa de investigación en cuestión. O estudo da recente experiencia económica española era un obxectivo pendente de análise institucional sobre bases teóricas renovadas.

A análise institucional da política económica española incorpora dunha ou doutra forma cada unha das seguintes temáticas, cuxa relevancia foi sinalada por Bates *et al.* (1998):

A) A orde e o cambio político. A análise da estabilidade das comunidades políticas é unha cuestión relevante que esixe o estudo dos procesos de estabilidade e de cambio institucional xa que, como apunta Huntington (1968), as institucións están no centro da orde política. Tamén North, Summerhill e Weingast (2000) puxeron a énfase na cuestión da orde política para o estudo do desenvolvemento en Latinoamérica. Caballero (2003b, 2004a) constitúe un bo exemplo sobre como abordar esta cuestión para o caso español, recollendo as leccións de Avner Greif e de Douglass North sobre o cambio institucional.

Na década dos anos corenta, o ditador e os dirixentes do réxime franquista implantaron un marco institucional para a economía española que garantía a orde política. Aquelas institucións caracterizáronse polo establecemento dun modelo de “Estado depredador” no sentido *northiano*, con perversos efectos para o desenvolvemento económico. Na seguinte definición de modelo de Estado, nos anos setenta, os decisores políticos españois estableceron un marco institucional

ben distinto que se correspondía cun modelo *northiano* de “Estado contractual” e que tomou a forma política dunha democracia, garantindo tamén unha orde política. Deste modo, España pasou dun Estado depredador a un Estado contractual nunha evolución que, aínda en circunstancias históricas moi distintas, retoma a problemática mostrada na análise de North e Weingast (1989) para o caso británico.

Máis alá da estática comparativa entre estes dous marcos institucionais sinalados para o caso español, é relevante analizar a dinámica do cambio institucional desde un escenario a outro. Deste modo, o cambio institucional convértese nunha variable endóxena que permite explicar o paso dun equilibrio institucional, que implicaba altos custos de transacción e que dificultaba os intercambios eficientes, a outro equilibrio con menores custos de transacción e cunha maior eficiencia tanto nos mercados políticos coma nos económicos. O primeiro equilibrio explica que o escenario institucional da década dos anos corenta constituíu institucións de autocumprimento que resistiron no curto prazo, malia o seu elevado custo en eficiencia económica, pero que mostraron un carácter autodestruutivo ao ampliar o horizonte temporal. O proceso de cambio institucional modificou institucións formais e informais e xerou unha etapa de desenvolvemento económico e de modernización social que alterou a matriz de case-parámetros (sociais, culturais, relixiosos). No equilibrio puntuado da reforma política dos anos setenta redefiniuse o marco institucional formal básico logrando un equilibrio institucional de autocumprimento que se acabou perpetuando como auto-reforzador.

- B) As relacións entre política internacional e nacional. As relacións entre Estados teñen un peso relevante nas políticas nacionais. Así, existen análises que mostran a influencia que a situación das políticas internacional e europea tivo en momentos claves para a política española. O proceso de cambio levado a cabo nas políticas públicas franquistas na década dos anos cincuenta viuse moi afectado por factores internacionais, de acordo co interese que, nun escenario de guerra fría, tiñan as potencias aliadas por conseguir unha certa aproximación da política española. Deste modo, o conxunto de posibilidades de políticas públicas que o franquismo tiña á súa disposición ensanchoouse (Caballero, 2004c). Desde aquela, a política dos países da contorna europea constituíu unha referencia para a formación das políticas públicas en España, especialmente coa incorporación de España ao proceso de construción europea (Caballero, 2003a).
- C) Modelos político-económicos. A narrativa analítica conxuga elementos políticos e económicos, consciente da importante relación bidireccional entrambos os dous factores. De feito, North (1999) anticipa o “próximo matrimonio entre a teoría económica e a teoría política”. A investigación en política económica española realiza tanto análises próximas á economía política “hamiltoniana” coma outras próximas á economía política “madisoniana”. Así, Caballero (2003b) analiza os fundamentos institucionais do desenvolvemento económico español,

asumindo un enfoque de carácter *hamiltoniano* que estuda como os factores institucionais e políticos afectan á situación económica do país ao longo deste período. Pola contra, Caballero (2006a, 2006b) presenta bos exemplos de economía política *madisoniana*, ao poñer o centro de atención na análise económica de cuestións políticas. Polo que respecta ás cuestións de contido, Caballero (2006a) estuda a estrutura da organización industrial do Congreso dos Deputados en España, apuntando o papel de dereitos de propiedade, transaccións e xerarquía nesta institución. En concreto, a gobernanza do Congreso dos Deputados (caracterizada por un sistema de comisións que non outorga dereitos de propiedade e pola concentración de poder nos grupos parlamentarios) implica unha reducida marxe de actuación para os deputados individuais e para as comisións parlamentarias. O marco institucional incentiva, ademais, unha disciplina de partido que minimiza a independencia dos deputados e que lles outorga a capacidade de decisión nas eleccións colectivas aos dirixentes do grupo parlamentario. Esta estrutura diferénciase considerablemente da organización e do funcionamento da Cámara de Representantes de Estados Unidos (Caballero, 2006c). O Parlamento español componse máis ben de fraccións ou de grupos debidamente organizados ca de deputados entendidos como axentes políticos individuais.

Por outra parte, Caballero (2006b) “abre a caixa negra” do Estado español cando estuda elementos como a institución do parlamentarismo e a relación entre o sistema político e os dereitos de propiedade. Así mesmo, indaga sobre como o sistema español resolve os “*trade-offs*” entre a capacidade de decisión e de compromiso, e entre a atención de intereses públicos e privados na formación das políticas públicas. Todo iso permite analizar a relación de axencia vertical a través da que se forma a política económica en España, perfilando unha estrutura organizativa do Estado que se converte nun marco institucional que condiciona a formación das políticas públicas.

Ademais, este novo enfoque institucional que atende ás cuestións de economía política non menospreza o factor político, e considera que o poder de coerción é un elemento non esóxeno na vida económica (Nye, 1997). Un exemplo disto sería a España da autarquía.

- D) As institucións. O enfoque desta narrativa analítica institucional converte as institucións na peza clave da análise, e faino desde unha perspectiva que asume o individualismo metodolóxico²³ e a énfase en cuestións de eficiencia. As institucións son o eixe condutor desta opción de método e ofrécennos a conexión central coa análise aplicada. Neste sentido, cómpre lembrar aquí a proposta de Greif (2006) na que presenta as institucións como sistemas de factores sociais que conxuntamente xeran unha regularidade de comportamento.

²³ Con todo, o individualismo metodolóxico flexibilizouse a través da proposta de individualismo institucional (Toboso, 2001).

Ao analizar estes temas substantivos, aparecen unha serie de cuestións que requiren unha especial atención na análise. Entre os problemas de estratexia común, podemos sinalar os seguintes:

- 1) O poder de axenda e a secuencia de feitos. A capacidade de controlar a axenda de negociación e a secuencia de feitos permite aplicar estratexias que inducen un determinado resultado. Así, o simple control da orde de votación entre alternativas distintas pode permitir determinar previamente a alternativa gañadora. As institucións concretan o poder de axenda e determinan os resultados posibles. Así, e a modo de exemplo, unha boa parte do desenvolvemento da transición española veu dado polo deseño e secuencia do proceso, tal e como mostra para distintos momentos daquela época Colomer (1998). Segundo a análise de Colomer (1998), o fracaso do Goberno “aperturista” de Arias debe interpretarse como unha derrota da reforma fronte ás opcións defensoras da ruptura. Refléctese na elección colectiva como *Ruptura > Reforma* (ruptura preferida a reforma). Logo da chegada de Adolfo Suárez á presidencia do Goberno, o esmagador apoio cidadán á Lei de reforma política supuxo a disolución das Cortes franquistas. Esta lei desbloqueaba o camiño cara a unha nova lexitimidade democrática sen romper coa legalidade do réxime anterior e posibilitaba a elaboración dunha nova constitución. Na elección colectiva preferíase a reforma á continuidade: *Reforma > Continuidade* (os defensores da continuidade do franquismo fracasaron na súa oposición á Lei de reforma). Posteriormente, neste proceso histórico, o Goberno reformista de Suárez aposta por pactar coa oposición de esquerdas (rupturistas) a formación dun Estado contractual e democrático, o cal supón unha perda de influencia das posicións continuístas máis contrarias á ruptura. Na elección colectiva a ruptura é preferida á continuidade: *Ruptura > Continuidade*. O proceso de elección colectiva manifesta unhas preferencias coherentes e transitivas que se expresan na seguinte orde: *Ruptura > Reforma > Continuidade* (Colomer, 1998). Así, a ruptura é a opción preferente e estable que resulta do proceso de transición política e que desemboca na Constitución do ano 1978.
- 2) Acción colectiva. O problema de organización da acción colectiva é unha constante recorrente ao estudar os fenómenos políticos, económicos e sociais máis relevantes. En termos transaccionais, o problema vén dado polos altos custos de transacción que a contratación da acción colectiva implicaría, de onde se deriva que o problema do “free-rider” non atopa solución. Cando non se alcanzan fórmulas políticas máis eficientes é pola dificultade de organizar a acción colectiva, do cal os últimos momentos do franquismo constitúen un bo exemplo.
- 3) Relacións principal-axente. As relacións de axencia multiplícanse nas estruturas da organización política e encobren problemas de información asimétrica e de risco moral. De feito, a elaboración da política económica pode verse como un

problema de axencia común, de acordo con Dixit (1996). Neste sentido, Caballero (2006b) constitúe un esforzo por “abrir a caixa negra do Estado español” presentando a relación de axencia vertical que configura a delegación política e que acaba formando unha xerarquía que está encabezada polo presidente do Goberno, convertendo a acción política nun sistema “*top-down*” que aborda a “economización” de custos de transacción. Deste modo, esta relación de axencia vertical conecta o poder executivo co partido político gobernante e coa maioría lexislativa.

- 4) Compromiso crible. A capacidade dos actores políticos de facer crible o seu compromiso constitúe un elemento relevante para as relacións políticas, pero tamén para establecer uns fundamentos políticos que impulsen a prosperidade económica. A capacidade de garantir os compromisos durante o franquismo, e posteriormente na democracia, constitúen aspectos relevantes que son considerados na análise de Caballero (2004c)²⁴. E é que, por exemplo, unha cuestión tipicamente *northiana* é a credibilidade do compromiso liberalizador e reformista de medidas coma o Plan do ano 1959 en España, é dicir, indagar por que os axentes creron nun novo marco institucional cunha duración que non dependía senón da decisión política dun Estado depredador que concentraba todo o poder. A resposta pódese atopar en que o réxime necesitaba un comportamento responsable para dotarse dun “capital reputacional”.
- 5) O poder do “pivote”. Este poder fai que exista un pivote que cando elixe decanta o resultado cara a un lado ou cara ao outro. Na análise electoral da democracia española na década dos anos noventa pode formularse a hipótese da existencia dun certo electorado pivote que, ao reorientar o seu voto, lle concede a vitoria electoral a unha ou a outra das dúas forzas políticas maioritarias. Este poder pivote vai máis alá do estudo das maiorías electorais e sitúase tamén nunha tradición de análise relacionada con contribucións sobre coalicións políticas iniciada por Riker (1962).
- 6) A capacidade de proposta. A capacidade de propoñer é unha forma de control da axenda que ten os seus efectos claros na elaboración da política económica. Como exemplo, as diferenzas na capacidade de propoñer proxectos a votación nos Parlamentos de Estados Unidos e de España introduce un rumbo na acción e na capacidade política, tal e como sinala Caballero (2006a).
- 7) Actores de veto. Os actores de veto resultan claves á hora de estudar a capacidade de levar a cabo políticas públicas. Por exemplo, a presenza de actores de veto no sistema democrático español foi tratada por Caballero (2006b), presentando a escaseza de vetos no xogo político do país. Así, na práctica o lexislativo non veta as propostas do executivo nin tampouco unha cámara parlamentaria veta as propostas da outra cámara (Caballero, 2005a, 2006b).

²⁴ No contexto europeo, a cuestión da credibilidade do compromiso é analizada para o Pacto de Estabilidade e Crecemento por Caballero, Caballero e Losada (2006).

- 8) Risco do “*hold-up*”. O risco de atraco vén dado por unha inversión irreversible, que sitúa unha das partes nunha situación na que a acción da outra parte lle pode supoñer perdas considerables. De aquí derívase a existencia dun incentivo a non aceptar unha inversión se o valor desta pode ser expropiado. Neste sentido, os compromisos electorais dos partidos políticos teñen un alto risco de incumprimento, o cal supón que a inversión irreversible do voto pode ser atracada con posterioridade (Caballero e Arias, 2003).

5. CONCLUSIONES

O método da narrativa analítica institucional implica catro requisitos para formular unha análise rigorosa que combine adecuadamente teoría e evidencia: a correspondencia dos supostos cos feitos, a relación entre premisas e conclusións, a adecuación das implicacións cos datos e a capacidade de análise realizada á hora de explicar os fenómenos estudados (Bates *et al.*, 1998). Posteriormente, esta proposta analítica permite estudar a xeneralidade da explicación lograda, é dicir, analizar se os resultados obtidos se poden aplicar a outros casos.

En primeiro lugar, en relación coa correspondencia dos supostos cos feitos, debe sinalarse que esta é unha das preocupacións recorrentes no programa da nova economía institucional. De feito, xa Coase (1982) sinalaba que “*un certo realismo nos supostos é necesario se pretendemos que as nosas teorías nos axuden a entender por que o sistema funciona da maneira na que o fai. A esixencia de realismo nas presuncións obríganos a estudar o mundo realmente existente, non un mundo imaxinario que non existe*”. Deste modo, a nova economía institucional desenvolveuse coa intención de non desatender a realidade económica, e os seus fundamentos teóricos inciden na importancia de asumir supostos realistas, para o que as institucións se converten nunha variable clave. En concreto, a narrativa analítica institucional permite que o esforzo investigador se dirixa a estudar a forma e a evolución concreta das institucións españolas para asumir un grao de realismo que lle dea validez á investigación.

En segundo lugar, a vinculación lóxica entre premisas e conclusións resulta necesaria para a consistencia da análise. Nesta liña, o estudo da experiencia española evidencia o valor explicativo das institucións na evolución e no funcionamento da economía española, apoiando os supostos básicos da nova economía institucional.

En terceiro lugar, as implicacións da análise deben ser coherentes coa evidencia empírica. Deste modo, contrástase a validez empírica da análise realizada, testando os corolarios do modelo a través dun labor de observación, de traballo de campo, de estudo histórico e de manexo de datos e de series. A esta cuestión prestóuselle unha especial atención en traballos como o de Caballero (2004a), validando a análise institucional coa “túzara realidade”, en liña coas formulacións de Gunnar Myrdal.

En cuarto lugar, a valoración de cada narrativa analítica institucional vén dada pola capacidade explicativa que se logre sobre o fenómeno estudado. Desde esta perspectiva, existe actualmente un conxunto de análises institucionais que lle permiten unha aproximación sólida á cuestión da política económica española desde un enfoque rico en matices. Porén, as respostas achegadas non conseguen ser nin perfectas nin completas, e deixan un espazo que debe ser completado por posteriores investigacións no campo da economía das institucións. A relevancia e a amplitude das cuestións formuladas dificultan a perfección das respostas, aínda que isto non invalida o interese científico das respostas achegadas, o que, en todo caso, permite avances en cuestións de evidente transcendencia.

Finalmente, cómpre sinalar que as narrativas analíticas institucionais realizadas para o caso español apenas incidiron no estudo do grao de xeneralidade das respostas logradas de cara a outras realidades. En todo caso debe sinalarse que, á vez que resulta posible extraer leccións sobre o caso español, habería que facer un exercicio de prudencia sobre cal é o grao de validez e de aplicabilidade directa desas leccións, aceptando a especificidade dos fenómenos sociais (Hodgson, 2001; Caballero, 2002b). O proceso lóxico de razoamento debería pasar polo avance na constitución dunha teoría das institucións robusta ante a contrastación de experiencias históricas diversas.

En conclusión, a narrativa analítica institucional debe estar apoiada polas relacións lóxicas e pola contrastación empírica, aceptando que a teoría permite abrir campos de estudo aplicado (canto máis rica é a teoría, máis grande é o número de implicacións testables). Neste sentido, ata certo grao o exercicio da narrativa analítica institucional pode desdubuxar os límites férreos entre a indución e a dedución.

Por outra parte, o enfoque económico-institucional acepta que poden sosterse diversas explicacións cunha lóxica rigorosa para un fenómeno económico concreto. A busca dun marco xeral de explicacións para fenómenos relevantes asume que pode sobrevivir paralelamente a outras análises. Desde logo, a análise institucional incorpora ideas desde distintos campos nas ciencias sociais, conforme aos postulados da nova economía institucional e, en concreto, de Douglass North.

Finalmente, cómpre sinalar que a investigación en economía política e institucional é consciente, desde a súa propia concepción, de que as respostas que achega sobre os problemas estudados son imperfectas. Temos a certeza de que os esforzos acumulados aínda foron insuficientes e de que aínda queda moito por dicir en cada un dos temas analizados ao longo deste traballo. Sen dúbida, estes retos desafían a toda a comunidade científica de economistas e de estudosos sociais. En todo caso, a análise institucional da política económica española aborda camiños que estiveron desprazados da axenda de investigación dos economistas españois, cando menos sobre estas bases teóricas. As respostas poden ser imperfectas pero, en todo caso, supoñen certos avances e poden impulsar o proceso dialéctico da investigación científica. Con todo, a imperfección de certas repostas non debe resultar estraña; delas está chea a teoría ortodoxa ao longo dos seus cento cincuenta anos de vida.

BIBLIOGRAFÍA

- ACEMOGLU, D.; JOHNSON, S.; ROBINSON, J.A. (2001): "The Colonial Origins of Comparative Development: An Empirical Investigation", *American Economic Review*, 91, pp. 1369-1401.
- ALSTON, L.J. (1996): "Empirical Work in Institutional Economics: An Overview", en L.J. Alston, T. Eggertsson e D.C. North [ed.]: *Empirical Studies in Institutional Change*, pp. 25-33. Cambridge: Cambridge University Press.
- ÁLVAREZ-DÍAZ, M.; CABALLERO, G. (2006): *The Quality of Institutions: A Genetic Programming Approach*. (Documento de Trabajo, 239). Madrid: FUNCAS.
- AOKI, M. (1994): "The Contingent Governance of Teams: Analysis of Institutional Complementarity", *International Economic Review*, vol. 35, pp. 657-676.
- AOKI, M. (1996): "Towards a Comparative Institutional Analysis: Motivations and Some Tentative Theorizing", *The Japanese Economic Review*, vol. 47, núm. 1, pp. 1-19.
- AOKI, M. et al. (2001): *Comparative Institutional Analysis*. Cambridge: The MIT Press.
- ARIAS, X.C.; CABALLERO, G. (2003): "Instituciones, costes de transacción y políticas públicas: un panorama", *Revista de Economía Institucional*, núm. 8, pp. 117-146.
- ARROW, K.J. (1987): "Reflections on the Essays", en G. Feiwel: *Arrow and the Foundations of the Theory of Economic Policy*, pp. 727-734. New York: New York University Press.
- BATES, R.H.; GREIF, A.; LEVI, M.; ROSENTHAL, J.L.; WEINGAST, B.R. (1998): *Analytic Narratives*. Princeton: Princeton University Press.
- BLOCH, H.S. (1940): "Carl Menger: The Founder of the Austrian School", *Journal of Political Economy*, vol. 48, núm. 3, pp. 428-433.
- BOETTKE, P. J. (1997): "Where Did Economics go Wrong? Modern Economics as a Flight from Reality", *Critical Review*, 11, núm. 1, pp. 11-64.
- BURLAMAQUI, L.; CASTRO, A.C.; CHANG, H. [ed.] (2000): *Institutions and The Role of the State*. Chentelham: Edward Elgar.
- CABALLERO, G. (2001): "La nueva economía institucional", *Sistema. Revista de Ciencias Sociales*, núm. 161, pp. 59-86.
- CABALLERO, G. (2002a): "Sistemas fiscales: un análisis institucional", *Revista de Comercio Exterior*, vol. 52, núm. 3, (marzo), pp. 265-276. México D.F.
- CABALLERO, G. (2002b): "La economía regional de los costes de transacción: un enfoque neoinstitucional", *Revista Asturiana de Economía*, núm. 25, pp. 167-186.
- CABALLERO, G. (2002c): "El programa de la nueva economía institucional: lo macro, lo micro y lo político", *Ekonomiaz*, núm. 50, pp. 230-261.
- CABALLERO, G. (2003a): "La dinámica institucional en la formación de la política económica moderna en la España democrática", *Quaderns de Política Económica*, vol. 3, (abril-maio), pp. 5-29.
- CABALLERO, G. (2003b): *The Evolution of Institutions and State Governing Public Choice in the Second Half of Twentieth-Century Spain*. (Documentos de Trabajo, Economía Aplicada, 19). Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia.
- CABALLERO, G. (2004a): *Los fundamentos de la nueva economía institucional. Los determinantes institucionales de la política económica en España*. (Tese de doutoramento). Universidade de Vigo.

- CABALLERO, G. (2004b): "Instituciones e historia económica: teorías y perspectivas institucionales", *Revista de Economía Institucional*, vol. 6, núm. 10, pp. 135-156.
- CABALLERO, G. (2004c): "La economía política desde el Estado depredador franquista al Estado contractual español", *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*, vol. 3, núm. 1, pp. 53-75.
- CABALLERO, G. (2004d): "De la jerarquía al mercado: la reforma financiera española desde la nueva economía institucional", *Papeles de Economía Española*, núm. 101, pp. 64-79.
- CABALLERO, G. (2005a): "Instituciones, federalismo defensor de mercados y Estado de las autonomías. Un análisis de segunda generación", *El Trimestre Económico*, núm. 286, pp. 283-327.
- CABALLERO, G. (2005b): "Hacia una teoría económico institucional de la política económica española", *Perfiles Latinoamericanos*, núm. 26, pp. 135-164.
- CABALLERO, G. (2005c): "El comportamiento humano en las ciencias sociales: un enfoque económico institucional", *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas*, vol. 4, núm. 2, pp. 41-56.
- CABALLERO, G. (2006a): "La economía política de la organización industrial del Congreso de los Diputados en España: derechos de propiedad, transacciones y jerarquías", *El Trimestre Económico*, núm. 291, pp. 637-666.
- CABALLERO, G. (2006b): "Abriendo la caja negra del Estado español: reglas, vetos, intereses y jerarquía en la formación de la política económica", *Problemas del Desarrollo*, vol. 137, núm. 144, pp. 193-220.
- CABALLERO, G. (2006c): "The Industrial Organization of Congress in USA and Spain: A Comparative Institutional Analysis", *Revista de Análisis Económico*, vol. 21, núm. 2, pp. 105-123.
- CABALLERO, G.; ARIAS, X.C. (2003): "Una reorientación teórica de la economía política: el análisis político de costes de transacción", *Revista Española de Ciencia Política*, núm. 8, pp. 131-161.
- CABALLERO, A.; CABALLERO, G.; LOSADA, A. (2006): "Credibility, Rules and Power in the European Union Institutions: A Transactional Analysis of the Stability and Growth Pact", *Brazilian Journal of Political Economy*, vol. 26, núm. 3
- CABALLERO, G.; KINGSTON, C. (2005a): "Capital social e instituciones en el proceso de cambio económico", *Ekonomiaz*, núm. 59, pp. 72-93.
- CABALLERO, G.; KINGSTON, C. (2005b): "Cambio cultural, dinámica institucional y ciencia cognitiva: hacia una comprensión multidisciplinaria del desarrollo económico", *Revista de Economía Institucional*, vol. 7, núm. 13, pp. 327-336.
- COASE, R.H. (1937): "The Nature of the Firm", *Economica*, núm. 4, pp. 386-405.
- COASE, R.H. (1960): "The Problem of Social Cost", *Journal of Law and Economics*, vol. 3, núm. 1, pp. 1-44.
- COASE, R.H. (1982): *How Should Economists Choose*. Washington: The American Enterprise Institute for Public Policy Research, Warren Nutter Lecture in Political Economy.
- COASE, R.H. (1984): "The New Institutional Economics", *Journal of Theoretical and Institutional Economics*, vol. 140, núm. 1, pp. 229-231.
- COASE, R.H. (1999a): "An Interview with Ronald Coase", *ISNIE Newsletter*, vol. 2, núm. 1, pp. 3-10.
- COASE, R.H. (1999b): "The Task of the Society", *ISNIE Newsletter*, vol. 2, núm. 2, pp. 1-6.

- COLOMER, J. M. (1998): *La transición a la democracia: el modelo español*. Barcelona: Anagrama.
- DAVID, P.A. (1985): "Clio and the Economics of QWERTY", *American Economic Review*, vol. 75, núm. 2, pp. 332-37.
- DAVID, P.A. (1994): "Why are Institutions the 'Carriers of History'? Path Dependence and the Evolution of Conventions, Organizations and Institutions", *Structural Change and Economic Dynamics*, vol. 5, núm. 2, pp. 205-220.
- DIXIT, A. (1996): *The Making of Economic Policy: A Transaction-Cost Politics Perspective*. Cambridge: The MIT Press.
- DOPICO, F. (1999): "Historia y economía. Reflexiones sobre la verificación de modelos teóricos", en A. Carreras *et al.* [ed.]: *Doctor Jordi Nadal: la industrialización y el desarrollo económico de España*, vol. I, pp. 47-66. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- EKELUND JR., R.B.; HÉBERT, R.F. (1991): *Historia de la teoría económica y de su método*. McGraw-Hill.
- ETZIONI, A. (1988): *The Moral Dimension: Toward a New Economics*. New York: Free Press.
- EVANS, P.B. *et al.* (1985): *Bringing the State Back in*. Cambridge University Press.
- GREIF, A. (1994): "Cultural Beliefs and the Organization of Society: A Historical and Theoretical Reflection on Collectivist and Individualist Societies", *Journal of Political Economy*, vol. 102, núm. 5, pp. 912-950.
- GREIF, A. (1998): "Historical and Comparative Institutional Analysis", *The American Economic Review*, vol. 88, núm. 2, pp. 80-84.
- GREIF, A. (2001): "The Influence of Past Institution on its Rate of Change: Institutional Perpetuation and Endogenous Institutional Change", *Conference of the International Society for New Institutional Economics*. Berkeley, CA.
- GREIF, A. (2002): "Institutions and Impersonal Exchange: From Communal to Individual Responsibility", *Journal of Institutional and Theoretical Economics*, vol. 158, núm.1, pp. 168-204.
- GREIF, A. (2006): *Institutions and the Path to the Modern Economy*. Cambridge University Press.
- GREIF, A.; LAITIN, D.D. (2004): "A Theory of Endogenous Institutional Change", *American Political Science Review*, vol. 98, núm. 4, pp. 633-652.
- GROENEWEGEN, J. *et al.* (1995): "On Integrating New and old Institutionalism: Douglass C. North Building Bridges", *Journal of Economic Issues*, vol. 29, núm. 2, pp. 467-476.
- HAYEK, F.A. (1994): *The Road to Serfdom*. Chicago: University of Chicago Press.
- HODGSON, G.M. (1988): *Economics and Institutions: A Manifesto for Modern Institutional Economics*. Cambridge: Polity Press.
- HODGSON, G.M. (1992): "Thorstein Veblen and Post-Darwinian Economics", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 16, pp. 285-301.
- HODGSON, G.M. (1993): *Economics and Evolution*. Cambridge: Polity Press.
- HODGSON, G.M. (1995): *Economics and Biology*. Aldershot: Edward Elgar.
- HODGSON, G.M. (1998): "The Approach of Institutional Economics", *Journal of Economic Literature*, XXXVI, pp. 166-192.
- HODGSON, G.M. (1999): *Evolution and Institutions: On Evolutionary Economics and the Evolution of Economics*. Cheltenham: Edward Elgar.

- HODGSON, G. (2001): *How Economics Forgot History: The Problem of Historical Specificity in Social Science*. London: Routledge.
- HOLLINGSWORTH, J.; BOYER, R. [ed.] (1997): *Contemporary Capitalism. The Embeddedness of Institutions*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HUERTA DE SOTO, J. (1997): "La escuela austríaca moderna frente a la neoclásica", *Revista de Economía Aplicada*, vol. 5, núm. 15, pp. 113-133.
- HUNTINGTON, S.J. (1968): *Political Order in Changing Societies*. New Haven, CT: Yale University Press.
- HURWICZ, L. (1993): "Toward a Framework for Analysing Institutions and Institutional Change", en S. Bowles, H. Gintis e B. Gustafsson [ed.]: *Markets and Democracy*, pp. 51-67. Cambridge: Cambridge University Press.
- KEYNES, J.M. (1949): "Introducción", en A. Marshall: *Obras escogidas*, pp. IX-XXXII. México: FCE.
- LUTZ, M.A.; LUX, K. (1979): *The Challenge of Humanistic Economics*. Benjamin / Cummings.
- MISES, L. VON (1978): *Notes and Recollections*. Libertarian Press.
- NORTH, D.C. (1990a): *Institutions, Institutional Change and Economic Performance*. Cambridge: Cambridge University Press.
- NORTH, D.C. (1990b): "A Transaction Cost Theory of Politics". *Journal of Theoretical Politics*, vol. 2, núm. 4, pp. 355-367.
- NORTH, D.C. (1993a): "Institutions and Credible Commitment", *Journal of Institutional and Theoretical Economics*, vol. 149, núm. 1, pp.11-23.
- NORTH, D.C. (1993b): *Autobiography*. Nobel e-Museum (Web page).
- NORTH, D.C. (1994): "Economic Performance through Time", *The American Economic Review*, vol. 84, núm. 3, pp. 359-368.
- NORTH, D.C. (1999): "In Anticipation of the Marriage of Political and Economic Theory", en J. Alt, M. Levi e E. Ostrom: *Competition and Cooperation. Conversations with Nobelists about Economics and Political Science*, pp. 314-317. New York: Russell Sage Foundation.
- NORTH, D.C. (2005): *Understanding the Process of Economic Change*. Princeton University Press.
- NORTH, D.C.; WEINGAST, B.R. (1989): "Constitutions and Commitment: The Evolution of Institutions Governing Public Choice in Seventeenth-Century England", *The Journal of Economic History*, vol. 49, núm. 4, pp. 803-832.
- NYE, J. V. (1997): "Thinking About the State: Property Rights, Trade, and Changing Contractual Arrangements in a World with Coercion", en J.N. Drobak e J. Nye [ed.]: *The Frontiers of the New Institutional Economics*, pp. 121-144. San Diego: Academic Press.
- O'DRISCOLL, P.; RIZZO, J. (1985): *The Economics of Time and Ignorance*. London: Routledge.
- POLANYI, K. (1980): *The Great Transformation*. New York: Rinehart.
- REQUEIJO, J. (1984): "Presencia y vigencia del institucionalismo", *Información Comercial Española*, núm. 607, pp.77-88.
- RIKER, W.H. (1962): *The Theory of Political Coalitions*. New Haven, CT: Yale University Press.
- ROBINSON, J. (1947): *An Essay on Marxian Economics*. Cambridge: Cambridge University Press.

- RODRIK, D. [ed.] (2003): *In Search of Prosperity: Analytic Narratives on Economic Growth*. Princeton University Press.
- RODRIK, D. (2004): *Getting Institutions Right*. (Mimeo). Harvard University.
- RODRIK, D.; SUBRAMANIAN, A.; TREBBI, F. (2004): "Institutions Rule: The Primacy of Institutions Over Geography and Integration in Economic Development", *Journal of Economic Growth*, 9, 2, pp. 131-165.
- RUTHERFORD, M. (2001): "Institutional Economics: Then and Now", *Journal of Economic Perspectives*, vol. 15, núm. 3, pp. 173-194.
- SMELSTER, N.; SWEDBERG, R. [ed.] (1994): *The Handbook of Economic Sociology*. Princeton: Princeton University Press.
- TOBOSO, F. (2001): "Institutional Individualism and Institutional Change: The Search for a Middle Way Mode of Explanation", *Cambridge Journal of Economics*, vol. 25, pp. 765-783.
- TOBOSO, F.; COMPÉS, R. (2003): "Nuevas tendencias analíticas en el ámbito de la nueva economía institucional. La incorporación de los aspectos distributivos", *El Trimestre Económico*, núm. 280, pp. 637-671.
- WILLIAMSON, O.E. (1974): *Markets and Hierarchies*. New York: The Free Press.
- WILLIAMSON, O.E. (1985): *The Economics Institutions of Capitalism: Firms, Markets, Relational Contracting*. New York: The Free Press.
- WILLIAMSON, O.E. (1994): "The Institutions and Governance of Economic Development and Reform". *Proceedings of the World Bank Annual Conference on Development Economics, 1994*. Washington, D.C.: World Bank.
- WILLIAMSON, O.E. (1999): "Public Versus Private Bureaucracies: A Transaction Cost Economic Perspective", *Journal of Law, Economics and Organization*, vol. 15, núm. 1, pp. 307-342.
- WILLIAMSON, O.E. (2000): "The New Institutional Economics: Taking Stock, Looking Ahead", *Journal of Economic Literature*, vol. 38, pp. 595-613.